

XXII CARREIRA POPULAR FESTA DO MARISCO

ORGANIZA: Concello do Grove e C.D. Ria de Arousa

DATA DE CELEBRACIÓN: Domingo día 11 de novembro de 2023.

SAÍDA DA PROBA: Parque de Confín (no Paseo Marítimo de Beiramar).

INSCRICIÓN: para tódalas categorías, as inscricións realizaranse a través da páxina web www.deporticket.com indicando nome e apelidos, data de nacemento, teléfono, dirección e club (ou lugar de procedencia) antes do xoves da 8 de novembro ás 23:59. A categoría absoluta terá un prezo de 5€ con dereito a “bolsa do corredor”.

CARACTERÍSTICAS DO CIRCUÍTO: o percorrido será mixto, comeza sobre asfalto, continua por terra (no Parque Forestal Illa da Toxa), segue por céspede polo Golf La Toja, rematando en asfalto novamente ata a liña de meta. Habrá duchas ao servizo dos corredores no Pavillón Náutico e no Pavillón dos Deportes ao finalizar a carreira.

DISTANCIAS E CATEGORÍAS :

- PREBENXAMÍN: nados no 2016 ou despois ___ 250 m.
- BENXAMÍN: nados no 2014 e 2015 ___ 500 m.
- ALEVÍN: nados no 2012 e 2013 ___ 1000 m.
- INFANTIL: nados no 2010 e 2011 ___ 1000 m.
- CADETE: nados no 2008 e 2009 ___ 1500 m.
- XUVENIL: nados 2006 e 2007 ___ 1500 m.
- ABSOLUTA: nados no 2005 ou antes ___ 10.000 m.
- VETERANO: a partir 45 anos ___ 10.000 m.

PREMIOS:

- Recibirán trofeo os 3 primeiros clasificados de cada categoría a partir de infantil. Nas categorías prebenxamín, benxamín e alevín recibirán unha medalla.
- Habrá que presentar o DNI para o cobro dos premios en metálico.

1º: 250€

2º: 200€

3º: 100€

- Os 1º primeiros atletas masculinos e femininos locais recibirán un trofeo e un bono de consumición para a “Festa do Marisco”.

A organización reservase a posibilidade de poder agasallar os primeiros clasificados das diferentes categorías con mais premios que se poidan conseguir de patrocinadores e colaboradores.

A organización resérvase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas o obrigan ou por forza maior.

Durante a proba existirán fotografías tanto pertencentes a organización como do público, polo que se acepta polo participante que se podrán reproducir ditas imaxes en diferentes redes sociais, soportes publicitarios ou medios de comunicación.

A inscrición na proba implica a aceptación deste regulamento.